

VI FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO

Foto: X.L. SUAREZ CANAL

Portada a partir dunha foto invertida de Xosé Luis Suárez Canal

Ed. A.C.D. O Condado
Composición: Obradoiro de A NOSA TERRA - Vigo
Impresión: ROCHA/artes gráficas - Vila Nova de Gaia - Portugal
Maio 1986

MARGARITA LEDO ANDION



LINGUAS MORTAS (serial radiofónico)

1.— GUARANÏ

fresco postmodern cutre gäi del paragüai pís que non existe
Strossner non existe o seu xenro continuará a saga sen nunca
existir toditos foron mortos nas gueras co Brasil
país que non existe entre o Brasil e a Arxentina
birimbao e a raia do indio
fan non se entender falan güaraní güaraní
fresco
tu
movido a tope
tu
forte
jicho
güai del paragüai que falan güaraní que te ví o sapoconcho co
pasemisí que sí tio moi forte
que eran como..... sen chute..... que eu sei.....
pero non encanto que ese país non existe que alí non pasa
ferrocarril tobo maricón
cristiano morto
Huenca Rerancó

Bidueiro de pé, ergueito ó ceo,
roubada chama do amencer sen noite,
vixilante do mundo, home enteiro,
camiño certo en donde a túa voz
foi sempre a limpa voz do compañeiro.

Co alerta fáloche dun forte berro,
perto da auga que algareira xorde
no manantío limpo de ollos nenos
para enterra-los acoros da maldade
e lavar as bostelas deste inferno.

Cos pés no chan, e a frente ergueita,
fáloche dende o meu mesmo inverno,
sen esquencer que ti sempre buscaches
tempos de luz, de voz e de medida
para facer do mundo un vieiro aberto.

Fáloche co lembrar que queima, e lembro
as fermosas mañás, virxes e ledas,
do camiñar do mundo que perdemos
que ti entregaches en ardentes poemas
para encherlle ó home o corazón valeiro.

Fáloche, irmán, dende o meu peito,
con tristura, coa miña alma aberta,
dende o chan donde calco, con sosego,
coa anguria de quen lle falta o alento
do agarimo dunha irmandade certa.

"Tan doce era xuntanza miña e vosa"

Irmán:

Non hai morte para ti,
aínda que Deus o queira.

Do libro inédito "NOVA ESCOLMA FERIDA"